

Oleiros

en VERDE



Oleiros en **VERDE...**



Autor e edición: Concello de Oleiros

Fotógrafo: José Manuel Ojén León

Imprime: Editorial MIC

Depósito Legal: C 2051 - 2018



Índice

1	Parque José Martí	8	26	Parque das Galeras	70
2	Parque Romardeiro	12	27	Parque da Liberdade	74
3	Parque A Carballeira	14	28	Castro de Xaz	76
4	Parques Marcelino Camacho - Nicolás Redondo	18	29	Parques costeiros de Canide	78
5	Parque da Baía - Ana Kiro	22	30	Parque Os Regos	82
6	Parque de Arenaza	24	31	Parque tras a praia de Bastiagueiro	84
7	Parque Víctor Jara	26	32	Parque de Rialeda	86
8	Parque Fonte Leocadia	28	33	Parque Mesón da Auga	88
9	Parque de San Cosme de Maianca	30	34	Parque As Torres	90
10	Xardíns do Castelo de Santa Cruz	32	35	Parque O Areal	92
11	Parque da urbanización As Torres	34	36	Parque litoral Bastiagueiro Pequeno	94
12	Parque Xardín de Nós	36	37	Parque Romántico de Montrove	96
13	Parque Nelson Mandela	38	38	Parques de Agramar e Beiramar	98
14	Paseo Costeiro de Mera	40	39	Parque Fonte do Ouro	100
15	Bosque de Xaz	44	40	Parque Finca Tenreiro	102
16	Parque da Casa do Pobo de Iñás	46	41	Parque do Graxal	106
17	Parque Luis Seoane	48	42	Parque natural Bosque dos Veciños	108
18	Parque José Couso	52	43	Parque José Luis Sampedro	112
19	Parque Rigoberta Menchú	54	44	Parque da Lagoa de Mera	114
20	Parque O Vieiro	56	45	Parque Pazo de Abella	118
21	Paseo de Santa Cristina - Beiramar	58	46	Parque de Nirvana	120
22	Zonas verdes de Meixonfrío	62	47	Parque da Choupana	124
23	Parque Santiago Carrillo	64	48	Parque da Barreira	126
24	Parque Natural de Iñás	66	49	Bosque do Vilar	128
25	Parques de Icaria	68	50	Parque As Pardelas	130
			51	Parque da praia de Naval	132
			52	Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes	134

Oleiros en VERDE...

Se por algo se distingue o Concello de Oleiros é pola cantidade de servizos e infraestruturas públicas a disposición dos veciños e veciñas, entre os que destacan os 972.000 metros cadrados de zonas verdes. Nun mundo cada vez menos preocupado polo medio ambiente, podemos sentir un grande orgullo de ter unha identidade tan singular.

Todas as localidades de Oleiros contan cun importante patrimonio ambiental que enriquece o noso pobo e fai do municipio un entorno ideal para a convivencia. Nesta época de ruído, contaminación, tráfico, grandes cidades e deshumanización, a existencia de espazos verdes agradables e coidados supón un oasis entre o caos. É unha maneira de reconectarnos a unha natureza da que día a día pretenden afastarnos máis.

O patrimonio público de Oleiros acadouse grazas a unha xestión urbanística honesta e ao traballo de moitas persoas durante anos. Logramos numerosos servizos, equipamentos e espazos públicos a través de convenios, cesións obrigadas polo planeamento, compensacións, permutas e, en definitiva, a colaboración necesaria e solidaria entre a cidadanía e o Concello. Só en casos moi concretos, para protexer o territorio público de posibles especulacións e para conservar a nosa riqueza medio ambiental, procedeuse á aplicación do mecanismo constitucional da expropiación.

Pero unha situación urbanística como a de Oleiros non é froito do azar. O pormenorizado estudo dos casos, a aprobación dos tres plans xerais urbanísticos -1985, 1995 e 2009- e o desenvolvemento de diversos plans parciais, foron elementos clave para a preservación e o desenvolvemento sostible do noso territorio.

Hoxe as veciñas e veciños de Oleiros gozamos duns servizos e dunhas infraestruturas que nos sitúan á vangarda de España. Paseos marítimos, parques e xardíns, praias e centos de prazas públicas que dan nome a grandes protagonistas da historia da humanidade, así como outros pequenos espazos verdes espallados por todo o territorio municipal e que non aparecen nesta publicación, fan de Oleiros un paraíso no cal paga a pena perderse e que a través deste libro pretendemos dar a coñecer un pouco mellor.

Deixarse levar entre as árbores do Bosque dos Veciños para gozar dun intre de silencio no corazón verde do municipio; pararse fronte ao imponente Golfo Ártabro e respirar o aire que chega libre desde o Atlántico nos parques das Galeras e Nirvana; percorrer a costa paseando ou en bicicleta desde a praia de Espiñeiro ata Beiramar; detense no luscofusco a observar como o sol se agocha tras a Torre de Hércules desde o Monumento Natural do Seixo Branco... Todas estas e outras miles de sensacións só existen en Oleiros. Un lugar para vivir, para gozar e para preservar entre todas as persoas que aquí vivimos.

Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros



8 |

Os máis de 27.372 metros cadrados que ocupa este parque formaban parte da praia de Santa Cristina, destruída pola especulación inmobiliaria dos anos 60 e 70. As maxestosas dunas que existían foron arrasadas con escombros para convertelas en solares. Outra parte dos terreos eran humedais, que chegaban ata onde está hoxe o estanque. Coas mareas altas anegábanse, formando canais nos que se podían pescar anguías. Crearon unha rúa principal que chegaba ata o mar -actual paseo central que se atopa delimitado polos grandes chopos-.



| 9

Coa aprobación do primeiro Plan urbanístico, en 1985, o Concello de Oleiros eliminou as construcións previstas polos especuladores de SANCRISA neste espazo, que foi declarado zona verde protexida. No ano 1987 acordouse expropiar todo o ámbito do parque e a operación realizouse en tres fases: unha primeira nese mesmo ano, a segunda en 1989 e a terceira en 1993.





Debido a inconcibibles sentenzas xudiciais, o Concello de Oleiros tivo que pagar os terreos como solo residencial de alta densidade. As valoracións impostas foron de metro cadrado por metro cadrado, cando o Plan xeral e a Lei de Costas de 1988 só permitían edificar a partir de 100 metros desde a pleamar, que coincidía xusto detrás da avenida de Santa Cristina.

10 |



| 11

As obras de adecuación para construír o parque financiáronse na súa totalidade polo Concello.

O parque urbano José Martí está considerado como un dos cinco máis fermosos de toda Galicia.





12 |

O Concello conseguiu este parque no ano 1999, mediante cesión urbanística. Esta zona verde atópase nas marxes do regato e do bosque situado tras o IES María Casares de Bastiagueiro.



| 13

A extensión total desta zona verde é de 27.303 metros cadrados.
A maior parte consérvase como espazo natural.





14 |

A través dun proxecto de compensación, no ano 1996, o Concello adquiriu en propiedade 25.000 metros cadrados de finca do pazo de Juana de Vega, en Nós.



| 15



Unha parte é parque público e a outra é un viveiro de plantas que nutre a gran parte dos xardíns municipais. Tamén serve de espazo educativo e formativo para o alumnado dos colexios públicos e para o desenvolvemento de cursos dirixidos a persoas desempregadas.



16 |



| 17

Neste parque recreáanse os xardíns dos antigos pazos. Existe unha zona nobre, outro espazo de xardín floral, céspede libre, viveiro e horta. Ademais hai nogueiras, cerdeiras, carballos e pradairos espallados por todo o terreo.





18 |


Estes dous parques públicos están situados na urbanización Rialta, en Arillo-Dorneda. O seu solo foi adquirido no ano 1989 por cesión urbanística. Posteriormente, ordenáronse os 34.709 metros cadrados que forman estas dúas zonas verdes coa participación dos veciños e veciñas, que plantaron as árbores.



| 19

Nestas áreas verdes conviven en equilibrio unha ampla diversidade de especies arbóreas. Piñeiros de gran porte, pradairos, carballos americanos, plátanos, *ginkgos*, bidueiros, liquidámbar, palmeiras, salgueiros choróns ou álamos, entre outras especies, crean unha contorna chea de beleza.





O nome destes espazos verdes, dos máis fermosos do municipio, están dedicados a dous grandes loitadores polos dereitos da clase obreira e a democracia: Nicolás Redondo, secretario xeral da UXT, e Marcelino Camacho, líder e fundador de CCOO.



22 |

Adquirido por cesión urbanística en 2003, ocupa unha superficie de 7.677 metros cadrados. Este espazo urbano permite conservar parte dun piñeiral existente no centro da localidade de Mera, en Serantes.



Neste parque existe unha zona de xogos infantís e outro espazo con aparellos para facer ximnasia, pensado especialmente para as persoas maiores.

| 23





24 |

Co desenvolvemento da urbanización Pazo de Arenaza creáronse tres áreas verdes nesta zona da parroquia de Iñás. Unha atópase no contorno do río, outra lindando coa N-VI e unha terceira nos xardíns do pazo, que contan con árbores bicentenarias. O total deste solo verde alcanza os 16.042 metros cadrados e foi adquirido por compensación urbanística no ano 1993.



| 25

Os teixos que se atopan na zona nobre dos xardíns do pazo teñen máis de 200 anos de antigüidade.





26 |

No ano 2000 o Concello adquiriu, mediante compra á familia García de Dios, a casa que hoxe é a sede das áreas municipais de Recursos Humanos, Obras Públicas e Informática.



| 27



A finca, dotada de fermosas árbores centenarias, forma unha zona verde de 2.042 metros cadrados que leva o nome do cantautor, músico e poeta Víctor Jara, asasinado polo ditador Augusto Pinochet en Chile no ano 1973. Á inauguración asistiu a súa viúva Joan Jara.



28 |

No ano 1988 aprobouse o proxecto de compensación pero non se executou ata 2004, ano no que o Concello obrigou á cesión urbanística. Situado en Santa Cristina, Perillo, conta cunha extensión de 3.708 metros cadrados.



| 29



O proxecto recuperou o manancial da antiga Fonte Leocadia que discorre canalizado ao longo do parque.





30 |

En 1995, o Concello adquiriu mediante compra os terreos que ocupan 4.325 metros cadrados e que circundan a igrexa de Maianca para dotar de zona verde e campo da festa os lugares do Regacho e Broño. A plantación de árbores foi realizada polos veciños e veciñas, convocados pola Asociación de Veciños San Cosme.



| 31

Este lugar tamén é o espazo de celebración da romaría de San Cosme.





32 |

No ano 1989 o Concello comprou a illa de Santa Cruz. Tratábase dunha propiedade do Estado que pretendía vender a particulares para a futura instalación dun casino ou dunha vivenda particular. O pagamento ao Ministerio de Defensa fíxose coa venda do 10% do solo que o Concello tiña na urbanización Os Regos pola cesión urbanística.



33



Para que a adquisición chegase a boa fin, case foi preciso librar unha pequena guerra. O capitán xeral da Capitanía da Coruña ordenou a 18 policías militares posicionarse no porto de Santa Cruz para impedir a toma de posesión por parte do Concello.



A illa do Castelo de Santa Cruz ocupa unha superficie de 10.345 metros cadrados.



34 |

O parque desta urbanización da parroquia de Oleiros, consta de dúas áreas: unha de 1.857 metros cadrados de zona verde e outra de 8.000 metros cadrados. Esta segunda, nun principio, ía ser destinada a vía de acceso á vía Ártabra pero tras a modificación do proxecto construtivo destinouse a zona pública de entretemento.



| 35



Na actualidade, o Concello está a construír un novo parque infantil na zona central desta urbanización.



36 |

Este espazo verde, de 10.600 metros cadrados, foi adquirido no ano 1992 a través dunha cesión urbanística. Na creación da urbanización, a zona verde situouse nun espazo xa consolidado como bosque, dotado de árbores de gran porte, construíndo un pequeno paseo a carón da avenida de Salvador Allende.



| 37

Neste parque natural conserváronse as especies que xa se atopaban no bosque (carballos, piñeiros e eucaliptos) e plantáronse outras propias da xardinería.





38 |

O parque Nelson Mandela forma parte dun conxunto de espazos verdes integrados na urbanización Cavamontes. Como o seu propio nome indica, esta era unha zona de terreos agrícolas, entre a avenida Rosalía de Castro e o alto de Perillo.



| 39



Esta urbanización creouse entre os anos 1992 e 1994. Debido á falta de entendemento entre os distintos propietarios, foi executada polo Concello con cargo aos donos dos terreos, procedendo a un reparto de cargas e beneficios.

As principais zonas verdes concéntranse no parque Nelson Mandela e na zona que se conservou de piñeiral, xunto á rúa do Pombal.

A superficie total destes espazos públicos alcanza os 8.862 metros cadrados.





40 | Desde a urbanización de Canide ata a praia de Espiñeiro, este fermoso paseo de 1,826 km de lonxitude púidose crear malia a forte oposición de parte das persoas propietarias do solo na franxa costeira de servidume. O Concello tivo que expropiar parte do solo chegando a acordo de compra ou permuta con outros veciños e veciñas. O proceso comezou no ano 1996 e culminou en 2017, tras vinte anos de xestión que redundaron nunha dotación de gran valor medioambiental e turístico para unha das vilas máis fermosas de Oleiros, como é Mera.



| 41





O traxecto do paseo conta con fermosos miradoiros para contemplar a beleza da baía de Mera e da ría da Coruña.

No proxecto construtivo conservouse a vexetación marítima de ribeira existente, entre a que destacan diversos piñeiros de gran porte.





44 |

O Bosque de Xaz ocupa unha extensión de 160.138 metros cadrados e atópase entre a estrada de Oleiros a Dorneda, a vía Ártabra e o Concello de Sada. No interior deste fermosísimo lugar nace un manancial que desemboca no río que, desde Oleiros, chega ata o porto de Santa Cruz.



| 45



Este espazo natural era propiedade privada. Na actualidade, o Concello de Oleiros é o propietario grazas ás cesións obrigatorias da urbanización de Xaz, en Dorneda, a través do mecanismo urbanístico de compensación.



46 |

Entre os anos 1985 e 2000 adquiríronse 7.356 metros cadrados a través de permuta, compra e expropiación, para dotar á parroquia de Iñás de instalacións sociais, áreas verdes e unha zona de xogos infantís no centro desta localidade.



| 47



As festas de Iñás celébranse neste espazo público que rodea a Casa do Pobo.



48 |

O solo para este parque, situado no centro de Santa Cruz, foi adquirido en 1990 por convenio e expropiación. Incluindo a praza de Esther Pita, ocupa unha extensión de 14.106 metros cadrados.



Antes das primeiras eleccións democráticas do ano 1977, pretendíase encher de vivendas esta zona con edificios similares aos que existen na rúa Suárez Picallo ou no alto de Agueira, tras o porto de Santa Cruz. Coa aprobación do primeiro Plan xeral no ano 1985 erradicáronse esas políticas especulativas, obrigando a procesos urbanizadores con cesións obrigatorias de zonas verdes, deportivas, sanitarias, para a construción de servizos... e Santa Cruz comezou a cambiar en positivo.

| 49





50 |



A creación do paseo marítimo ligado ao parque permitiu aos veciños e veciñas acceder á costa a través de espazos públicos. Antes desa actuación, o paso ao mar estaba limitado a través do Porto, que tamén estaba privatizado por diversas construcións ilegais que se usaban como casetas de veraneo. Esas construcións foron demolidas polo Concello, recuperando ese espazo para o uso público.

| 51

A zona de xogos infantís foi ampliada e renovada por completo recentemente.



52 |

Coa creación da urbanización Carballido, o Concello recibiu o solo necesario para construír importantes infraestruturas públicas como a piscina de Perillo ou a escola infantil da Canteira. Tamén se crearon novas zonas verdes como o parque José Couso e un fermoso miradoiro moi soleado cara á baía da Coruña.



| 53






54 |

Os terreos para este parque da parroquia de Oleiros, foron adquiridos gratuitamente por convenio urbanístico entre 1987 e 1989. Ocupa gran parte do que era a finca señorial do xeneral Roibal e cuxa vivenda era a actual casa Charry, recuperada polo Goberno municipal. A actuación urbanística residencial Obelisco posibilitou a creación do parque cunha extensión total de 2.508 metros cadrados.



| 55



Á extensión deste parque, situado na parroquia de Oleiros, hai que engadirlle 3.553 metros cadrados de zona verde do antigo campo da feira, na que se atopa o parque infantil.



56 |

Este parque da localidade de Nós ocupa 4.257 metros cadrados. O solo obtívose por cesión urbanística no ano 1990. A este espazo hai que engadirle outras zonas verdes da segunda fase da urbanización que acadan 9.124 metros cadrados.



| 57



Este fermoso parque, situado no Seixal, será ampliado con terreos anexos á estrada N-VI.



58 |

Unha vez expropiada polo Concello a franxa litoral de Santa Cristina desde Casa Sara ata o Hotel Sancrisa, o Ministerio de Fomento procedeu no ano 1987, a petición do Concello, á construción e recuperación do litoral coa construción dun paseo e a achega de area á praia. Dous anos despois, o Goberno municipal continuou o paseo ata o parque José Martí e A Fábrica, cun custo de 30.190.535 pesetas.



| 59





60 |

A actuación urbanística da finca do Torreón Bescansa, así como os acordos con Costas desde o Hábitat ata a urbanización Agramar e a cesión do solo de todos os propietarios lindeiros coa ría entre 2005 e 2007, permitiu a prolongación do paseo ata a zona de Beiramar. As obras financiáronse con fondos propios do Concello por un importe de 1.925.000 euros. Nesta urbanización, igual que en Agramar, o Concello xa esixira a ordenación dos espazos verdes e do paseo a cargo das promotoras.



| 61

O paseo ten unha lonxitude total de 3,19 km.
A previsión do Concello é continualo ata a urbanización do Seixo, lindeira con Cambre na zona do Temple.





62 |

A realización da urbanización Meixonfrío, na parroquia de Liáns, aprobouse en 2005. O seu desenvolvemento foi executado directamente polo Concello mediante o sistema de compensación ás persoas propietarias. A maiores dos equipamentos públicos e da promoción directa de 83 vivendas de promoción pública, o Concello obtivo diversas áreas verdes espalladas por todo o ámbito da urbanización que suman 14.502 metros cadrados, aos que hai que engadirlle 9.219 metros cadrados no parque metropolitano de Liáns.



| 63





64 |

Situado na urbanización A Pezoca, en Oleiros, conta cunha extensión de 14.157 metros cadrados obtidos por cesión urbanística no ano 2005. A ordenación do parque está distribuída en dúas zonas limítrofes coa entrada principal á urbanización.



| 65



Ademais dos parques infantís para o nenos e nenas, as zonas verdes do municipio foron dotadas de faladoiros cubertos para fomentar a convivencia e facilitar o ocio das persoas adultas nestes espazos públicos.



66 |

A execución no ano 2005 do polígono industrial de Iñas, dotou o Concello dun gran parque natural de 57.271 metros cadrados que separa a zona industrial do núcleo urbano de Iñas. Este gran espazo verde inclúe o leito do río que desemboca en Cambre.



| 67



A maiores desta zona protexida existen 24.000 metros cadrados de bosque autóctono distribuídos polo ámbito da urbanización. Os terreos foron adquiridos por cesión urbanística co sistema de compensación.




68 |



| 69

Co desenvolvemento das tres fases da urbanización Icaria, entre os anos 1990 e 2003, creouse unha ampla zona verde de 28.381 metros cadrados. O Concello conseguiu o terreo a través do sistema de cesión urbanística.





Este parque costeiro natural adquiriuse por compensación urbanística no ano 2000 e cesión en 2001. O ámbito das dúas fases alcanza os 72.052 metros cadrados e vai desde as inmediacións do Hotel Portocobo ata a praia de Bastiaqueiro pequeno.





72 |



| 73

Para a creación deste parque respectáronse as especies autóctonas existentes na zona. Conserváronse arbustos, árbores froiteiras, piñeiros e eucaliptos.

Todo o parque é un fermosísimo miradoiro á baía da Coruña.






74 |

Entre os anos 1982 e 1993, o Concello adquiriu por expropiación, compra e cesión urbanística os 4.658 metros cadrados do ámbito deste parque. Neste lugar, nunha parcela de 507 metros cadrados, a Asociación de Veciños Os Rueiros de Nós levantou o seu local social no mesmo lugar que fora a Casa da República na década dos 30 do pasado século. O parque alberga diversas instalacións sociais.



| 75





76 |

O castro de Xaz é un dos poucos castros de Galicia no que as súas murallas non son de pedra. Os altos muros que rodean o asentamento están formados por cascallo, material dun río milenario que atravesaba a parroquia de Dorneda e desembocaba na praia de Naval. O castro ocupa 41.000 metros cadrados e no seu interior existen árbores centenarias que forman un fermoso bosque.



| 77



O Concello adquiriu estes terreos mediante o sistema de compensación urbanística e a través de diversas cesións gratuítas polo desenvolvemento da urbanización de Xaz.



78 |

Na década dos 70 os veciños e veciñas foron expropiados para un plan especulativo no que estaba previsto a creación dunha urbanización en Canide, na que se pretendía construír 1.700 vivendas en bloques de máis de catro plantas e edificios terciarios. O Goberno democrático de Alternativa dos Veciños impediu a operación e en 2004 aprobou un novo plan parcial para esta zona da parroquia de Maianca, no que o número de vivendas se reduciu a 308 e se gañaron espazos públicos para equipamentos e zonas verdes.



| 79

Dos 300.000 metros cadrados que ocupa a urbanización, 100.775 pasaron a propiedade municipal para formar os dous parques costeiros e a zona verde lindeira coa avenida María Pita.





A zona verde que se atopa nas inmediacións da cala de Portelo é empregada para realizar actividades de concienciación medioambiental entre o alumnado do Colexio Luis Seoane. Os nenos e nenas deste centro de ensino público plantan castiñeiros anualmente.



Ademais das zonas verdes, existe unha zona pública de bosque na parte superior da cala de Canide.





82 |

Adquirido por cesión urbanística no ano 1988, a zona verde central ten unha extensión de 22.910 metros cadrados. A maiores, esta urbanización de Oleiros, ten outras áreas verdes públicas que acadan os 10.426 metros cadrados.



| 83





84 |

Despois da aprobación dun Plan especial de protección da costa na praia de Bastiagueiro, o Concello abriu un expediente de expropiación dos terreos situados entre o areal e a avenida Che Guevara. Neste proceso, iniciado en 1992, unha parte dos propietarios brindáronse a chegar a acordos co Concello, o que permitiu aprobar convenios con catro deles, que cederon gratuitamente parte das súas fincas. Outros negáronse a chegar a calquera tipo de pacto. É o caso dos donos da actual finca municipal de préstamo, que preitearon durante anos contra o Concello malia que eses terreos formaron parte da praia ata os anos corenta.



| 85

Outra parte do parque, como é a zona de aparcadoiro, adquiriuse por compensación, entregándolle aos seus donos parcelas na urbanización do Carballido, no alto de Perillo.

En total, e incluíndo o paseo, este parque ocupa 26.392 metros cadrados.





86 |

A Biblioteca Central Rialeda, en Perillo, está rodeada por un gran parque e unha zona verde que se atopa fóra da muralla. En total suman unha superficie de 8.835 metros cadrados.

O Plan xeral recollía a cesión da totalidade da finca, por tratarse dun patrimonio arquitectónico de alto valor histórico e singular, e os primeiros terreos foron adquiridos por este método no ano 1994. Uns anos antes,

tanto a finca como a casa foran obxecto dun gran incendio que reduciu a cinzas a súa totalidade. Houbo quen pensaba que, unha vez destruída a casa, xa podía facer edificios alí. Equivocouse.



| 87



Unha vez acadada a cesión da totalidade da finca por convenio, o Concello reconstruíu Villa Ría Leda e os locais anexos a través de escolas taller, nas que participaron máis de 60 alumnos oleirenses. A casa puido devolverse ao seu estado orixinal grazas a que no arquivo municipal conservábase unha imaxe anterior ao incendio.

González del Villar construíu este precioso edificio en 1920, como agasallo á súa amada muller, Antonia Sainz de Varanda. Lamentablemente nunca puido chegar a gozala ao falecer prematuramente. Posteriormente, Villa Ría Leda foi cedida a unha orde relixiosa. Despois pasou a mans da Falanxe ata que foi vendida ao promotor co que chegou a acordo o Concello.

A finca está dotada de árbores de gran porte e xardíns de buxo.



88 |



| 89

A zona verde da urbanización Mesón da Auga, desenvolvida en 2004 no Carballo (Nós), distribuíuse en tres áreas que suman 21.500 metros cadrados. O espazo máis grande linda co río de San Pedro, preservando desta maneira unha área natural. A existencia de fermosos piñeiros levou a crear un espazo verde central. A promoción pública da urbanización realizouna a Xunta de Galicia e o sistema de adquisición do solo verde foi por cesión urbanística.





90 |

Esta finca de 6.000 metros cadrados, situada en Santa Cruz, foi tomada polos veciños e veciñas en 1980-81. Ata ese momento estaba ocupada pola Sección Feminina, a rama feminina da Falanxe. Tras a ocupación veciñal, o edificio destinouse a escola de EXB. Posteriormente, unha vez construído o Colexio Parga Pondal, dedicouse a servizos culturais e sociais: biblioteca, teatro, museo de olería e obradoiro de olería, abríndose os xardíns ao público.



| 91



Este parque conta cun ombú centenario protexido por un valado metálico.





92 |

A ordenación da urbanización Areal, en Perillo, realizouse en tres fases. O Concello obrigou a dotar de zonas verdes e prazas públicas o seu ámbito. O desenvolvemento realizouse entre os anos 1998, 2001 e 2005 creándose dúas áreas verdes que suman 10.190 metros cadrados. Os terreos obtivéronse por cesión urbanística.



| 93





94 |

A creación deste parque iniciouse en 2017 e esténdese desde o parque das Galeras ata a praia de Bastiagueiro, ocupando 65.490 metros cadrados. Os terreos adquiríronse polo sistema de expropiación, agás 10.864 metros cadrados cedidos por convenio urbanístico en Xaz en 2005.



| 95

As obras de ordenación e adecuación destes terreos estanse a levar a cabo na actualidade. O custo total é de 354.525 euros.





96 |

Entre os anos 1991 e 1999, o Concello adquiriu por compra, permuta e expropiación os 7.858 metros cadrados que ocupa este fermoso e singular parque. A finca principal era un antigo pazo con máis de dous séculos de antigüidade, que se atopaba en estado ruinoso. A sensibilidade na recuperación do contorno e das murallas do antigo pazo por parte do enxeñeiro municipal Rafael Astor Casalderrey fixeron deste parque un lugar cun encanto especial.



97





98 |

A urbanización de Agramar desenvolveuse no ano 1990. O Concello obrigou os seus propietarios á cesión dunha zona verde de 5.227 metros cadrados e á entrega da casa que había na finca, que na actualidade está a disposición de todos os veciños e veciñas do municipio como casa de préstamo. Na creación deste parque conserváronse as árbores que existían e a parte máis próxima á ría integrouse no paseo.



| 99

O parque de Beiramar, tamén en Perillo, abrangue unha extensión de 9.751 metros cadrados. Na década dos 70, estes terreos formaban parte dunha finca señorial e dun club deportivo privado. Despois dun abandono temporal e do peche das instalacións, os propietarios pretendían construír edificios ocupando case todo o solo -dúas hectáreas lindas coa ría-. Coa aprobación do primeiro Plan xeral, o Concello impediu en 1985 a realización de diversos edificios, chegando a demoler un dos que xa estaba en construción no lugar que hoxe ocupa o parque infantil.



O Plan tamén permitiu que os propietarios urbanizasen e entregasen gratuitamente os case 10.000 metros cadrados de parque público e paseo marítimo.



100 |

Esta actuación urbanística, realizada en Oleiros, foi aprobada no ano 1998. Os espazos dotacionais concéntranse nunha área de 5.140 metros cadrados obtidos por convenio urbanístico.



| 101






102 |

Esta finca, de 32.496 metros cadrados, adquiriuse entre os anos 2010 e 2012 á Fundación Tenreiro mediante compra e permuta. Segregouse unha parte para destinala á construción dun colexio público e a outra, a máis extensa, a parque municipal.



| 103





104 |

| 105



Estes terreos, que inclúen unha antiga mansión, están pechados na súa totalidade por unha muralla. No interior da finca existen árbores centenarias e plantas exóticas.

O Concello está a recuperar as edificacións existentes coa intención de que poidan albergar durante os meses de verán campamentos infantís e xuvenís.



No ano 1999 aprobouse o Plan parcial da urbanización do Seixo, na parroquia de Liáns. Realizouse en dúas fases, con distintas promocións, a segunda en 2003. A zona verde, limítrofe coa ría do Burgo, ten 30.298 metros cadrados.

Para a creación deste parque, o Concello adquiriu os terreos a través de cesións urbanísticas.





108 |


Este inmenso parque natural que linda coa avenida Che Guevara, esténdese ata zonas do alto de Perillo, ladeiras de Montrove, o contorno da igrexa de Liáns e o fondo da urbanización Lamastelle. Para a súa creación, no ano 1987 comezouse a adquirir solo polo sistema de expropiación. Posteriormente, ao longo dos anos 1996, 2003, 2004 e 2005, continuouse con acordos, convenios de permuta e cesións obrigatorias. Para desenvolver urbanizacións en distintas zonas do municipio era obrigatorio entregar solo gratuitamente ao Concello, como achega para parques xerais. Por cada 100 metros edificables tiñan que achegar 55 metros cadrados.



| 109



Na actualidade o Concello é dono de máis de 168.000 metros cadrados, incluído o terreo que a Deputación provincial cedeu gratuitamente ao Concello no presente ano 2018, que ten 44.000 metros cadrados de zona verde.



Este parque natural é un dos pulmóns verdes máis importantes do Concello e chegará a ocupar máis de 400.000 metros cadrados.



112 |

No ano 2005 o Concello desenvolve a segunda fase da urbanización Obelisco, na parroquia de Oleiros, que quedara pendente pola oposición dos propietarios a urbanizar. A reparcelación asignoulle ao Concello os espazos públicos pendentes da primeira fase, lográndose unha zona verde de 4.130 metros cadrados.



| 113





114 |

Pertencente á parroquia de Maianca, os terreos para este fermosísimo parque foron adquiridos ao longo dos anos 1986, 1991, 2003 e 2004 a través de convenios urbanísticos como cesións obrigatorias. Tamén foi utilizado o sistema de expropiación e de compra pactada.



O ámbito do parque, incluída a lagoa, é de 46.612 metros cadrados. Na súa inmensa maioría trátase dunha área natural con zonas húmidas de gran valor medioambiental que son bañadas dúas veces ao día polas augas do mar a través do río que desemboca na praia de Mera.

| 115





116 |



| 117

Desde 2018 a praça central deste parque conta cunha grande cuberta de madeira. No contorno do parque está situada a Casa do Mar, unha escola infantil e o parque infantil.





118 |

Este parque de Iñás realizouse no ano 2005, despois dunha cesión urbanística. O terreo formaba parte da finca amurallada de Abella e ocupa unha superficie de 8.222 metros cadrados.



Chopos e salgueiros conviven nesta gran área verde que exerce de barreira ante o ruído e o tráfico da estrada N-VI.

| 119





120 |

Este fermoso parque, pegado aos cantís do faro de Perillo, ocupa unha extensión de 10.243 metros cadrados. Os terreos obtivéronse no ano 1993 por convenio e permuta. O Goberno municipal impediu a construción dunha vivenda, mediante a aplicación da Lei de costas, e compensou o propietario cunha parcela urbana en Santa Cruz.



| 121





122 |



| 123



Malia a súa proximidade á avenida Che Guevara, a inclinación natural do terreo converte este parque nun espazo de descanso, totalmente illado do tráfico e con espectaculares vistas ao mar.



124 |

Este pequeno parque obtívose por cesión urbanística no ano 1995. O ámbito ocupa 2.600 metros cadrados e atópase na parroquia de Liáns.



| 125



Este parque conta con especies de tamaño medio que manteñen a proporcionalidade dentro da súa contorna.





126 |

No ano 2004, o Concello adquiriu polo sistema de cesión urbanística o solo que ocupa este parque de 10.988 metros cadrados, lindeiro coa avenida da II República. A decisión de situar o parque na zona central da urbanización, vén dada pola existencia no subsolo do manancial da fonte de Perillo, que se atopa na rúa da Barreira.



| 127

Baixo este parque atópase un manancial de auga que abastece a fonte da Barreira e que foi conservado nas obras de creación desta zona verde. O proxecto tamén preservou a vexetación autóctona existente.





128 |

Este bosque de álamos, castiñeiros e carballos de gran porte ocupa unha extensión de 35.077 metros cadrados e está atravesado polo río de San Pedro, que vén de Iñás e desemboca na Barcala. Esta área verde está situada entre o alto do núcleo do Vilar e a rúa do Tralallo e a N-VI, no lugar do Batán. No seu interior alberga un antigo muíño e un batán, así como unha fonte e un lavadoiro.



129



O conxunto da propiedade foi adquirido por convenio urbanístico en 2004 con Fernando Marchesi Quiñones de León.

**Este bosque de Nós
formará parte do paseo
fluvial que se creará
desde Iñás ata O Seixal.**



130 |

O parque As Pardelas, de 8.000 metros cadrados, atópase tras a piscina de Oleiros. Adqui-riuse no ano 2005 mediante cesión urbanística, a través do sistema de compensación. A súa proximidade a outros solos de especial protección, como un bosque municipal de carballos, e as futuras zonas verdes de cesión obrigatoria no desenvolvemento urbanístico do contorno da piscina consolidarán unha importante área verde.



O río que atravesa esta zona verde permite crear un espazo totalmente singular.

| 131





132 |

A zona verde existente entre o porto de Santa Cruz e a praia de Naval ocupa unha extensión de 23.765 metros cadrados. O Concello adquiriu 6.000 metros a través de convenio urbanístico e 17.765 mediante expropiación.



| 133



A zona é un espazo natural no que se ordenaron os servizos da praia e no que tamén se creou un aparcadoiro e un fermoso miradoiro desde o que se contempla a baía da Coruña. Entre as expropiacións e a obra o Concello investiu 623.289,90 euros.

Con esta actuación consolidouse a protección ambiental do porto de Santa Cruz e da praia de Naval, impedindo calquera especulación futura.



134 |

O pleno municipal demandou á Unión Europea no ano 2000 a Declaración de Monumento Natural para a costa de Dexo-Serantes. O 31 de marzo dese mesmo ano foi declarado Monumento Nacional e o 19 de xuño de 2001 foi incluído na rede europea Natura.



| 135


Este inmenso espazo costeiro vai desde o faro de Mera ata o porto de Lorbé e ocupa 411 hectáreas. Conta cunha paisaxe natural costeira de abruptos cantís, monte raso e bosques dunha beleza excepcional.



Os terreos son de propiedade privada e no Plan xeral municipal está catalogado como espazo protexido.



136 |



| 137




A protección desta zona permite conservar a paisaxe marítima galega formada por piñeiros e eucaliptos de gran porte, así como por un toxo baixo que ten máis de 80 anos.



138

139



Toda a zona é transitable a través de diversos camiños. Son moitas as persoas que os aproveitan para pasear, realizar rutas de sendeirismo e andar en bicicleta.

As vistas sobre as rías de Coruña e Betanzos son espectaculares.

